

De Luns a Venres

Galiciae

DIVULGACIÓN

AELG promove a creación de revistas literarias en novos formatos dixitais

Etiquetas: AEGL, formatos, digital, revistas, divulgación

Axencias / Galiciaé. A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrará o vindeiro sábado un encontro para promover a creación de revistas literarias non só en formatos tradicionais senón tamén en novos soportes dixitais.

O presidente da entidade, Cesáreo Sánchez, remarcou en declaracións a Efe a importancia histórica destas revistas creadas "polos propios escritores" como medio para "emitir pensamento". Por iso, subliñou a necesidade de que xurdan novas revistas que "aglutinen" o material existente, na súa maioría a través de blogs e publicacións persoais en internet.

Neste contexto, a AELG celebrará o vindeiro sábado día 17 na sala A Normal da Universidade da Coruña un encontro no que abordará as claves para o éxito destas publicacións no mercado dixital. O evento inclúe varias conferencias nas que participarán autores como Antía Otero, Leo Campos ou Gaspar Domínguez, así como un recital multimedia.

Así mesmo, a AELG impulsará a creación de revistas literarias dixitais coa posta en marcha da súa propia publicación onde os autores "poidan facer confluír as súas creacións", sinalou Sánchez.

15/09/2011